

MO NUM

DIFUSIÓN DO PATRIMONIO RESTAURADO

EN

DO 27 DE AGOSTO
AO 5 DE SETEMBRO DE 2015

TA

XUNTA DE GALICIA

Edita e promove

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura

Coordina

Sinsaludío
Tomos Conservación Restauración
Van Divulgación Cultural

Colabora

DEMEU

Deseño

NUMAX

Imprime

Ezponda

Depósito legal

C1370-2015

Coa colaboración dos concellos de Noia, Lugo, Bande e Ponte Caldelas.

MONUMENTA***Difusión do patrimonio restaurado***

DO 27 DE AGOSTO

AO 5 DE SETEMBRO DE 2015

MONUMENTA, difusión do patrimonio restaurado

é un programa de actividades culturais que se desenvolve ao redor de igrexas, castros e outros monumentos e lugares históricos galegos nos que se realizaron diferentes intervencións para a súa conservación ou restauracións de interese arquitectónico e artístico.

Con este ciclo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia achégalle á cidadanía unha experiencia diferente de vivir e sentir o noso patrimonio relacionando cada edificio co territorio e coa súa singularidade paisaxística.

Especialistas en diferentes áreas como a arquitectura, a arqueoloxía, a astronomía, a xeografía, o urbanismo ou a arte axudarannos a entender outras particularidades e valores dos diversos aspectos do patrimonio material e inmaterial de Galicia. E os músicos serán, ao final do día, os que reconvertan o universo sonoro de cada un destes espazos.

A participación en todas as actividades e concertos é libre e de balde.

www.cultura.gal

galiciamonumenta.wordpress.com



XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DE TOURÓN

Xoves 27 de agosto

COMO CHEGAR

Tourón, Ponte Caldelas (Pontevedra). Desde Ponte Caldelas, cómpre tomar a estrada autonómica PO-532, dirección Pontevedra, e seguir a sinalización cara ao centro arqueolóxico.

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

A área arqueolóxica de Tourón é un dos complexos de arte rupestre ao aire libre máis singulares de Galicia. Con máis de 15 hectáreas de extensión, ofrece a posibilidade de visitar cinco estacións rupestres onde se poden ver petróglifos e gravados sobre rocha que datan do Neolítico final-Idade de Bronce. Durante a ruta, repararemos noutros elementos culturais situados ao longo do camiño; e desde os dous miradoiros poderemos observar a paisaxe circundante.

20.00

MONUMENTA DIVULGA

Visita ao centro de interpretación.

20.30

FALADOIRO MONUMENTA

O comisario de arte contemporánea Ángel Cerviño e o artista sonoro Carlos Suárez falarannos da relación entre natureza e arte no século XXI.

21.00

MONUMENTA EN CONCERTO. *Leilía* en concerto nos exteriores do centro de interpretación.

22.00

ANDAR CON ARTE. Entre lusco e fusco, visita guiada polo arqueólogo Santiago Vázquez Collazo á area arqueolóxica e visionado nocturno dos petróglifos. Ademais, Pablo Martínez Alemparte, arqueólogo e especialista en astronomía, guiaranos polo firmamento e axudaranos a establecer conexións co xacemento.

O grupo nace en 1989 da man de seis mulleres co propósito de recuperar do esquecemento a música de tradición oral de Galicia. Daquela, foi unha aposta pioneira e atrevida, que axiña tivo a súa recompensa internacional grazas á súa beleza e singularidade. Na actualidade, Leilía é un referente tanto para os que queren achegarse á música orixinal de Galicia como para os que buscan a fusión da

tradición con sons e instrumentos contemporáneos. Máis de 25 anos sobre os escenarios, cinco discos publicados, unha chea de colaboracións con artistas e grupos como Kepa Junquera, Milladoiro, Emilio Cao, Os Diplomáticos de Monte Alto ou Budiño, e dúcias de concertos por todo o mundo.

Leilía





COMO CHEGAR

Noia (A Coruña). Desde Santiago de Compostela, autovía AG-56 e comarcal AC-550.

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Noia conta cunha fermosa zona histórica froito do apoxeo medieval e das actividades mercantís e pesqueiras da vila. Nela destacan dúas xoias de estilo gótico mariñeiro, a igrexa de Santa María a Nova, que acolle a mellor colección de lápidas gremiais e nobiliarias da Idade Media e Moderna, e a igrexa de San Martiño de Noia, cunha espectacular fachada de grandes figuras escultóricas. A vila histórica conserva, ademais, diferentes casas con brasón, corredores e galerías. Bo exemplo disto son o pazo Dacosta, o pazo da Rúa do Forno do Rato, a casa da Xouba, a casa do Rosa ou a casa do Senra, xa de estilo barroco.

O GÓTIÇO MARÍNEIRO DE NOIA

Sábado 29 de agosto

19.30

MONUMENTA DIVULGA

Acompañados pola arqueóloga municipal Ana Filgueira, visitaremos a igrexa de Santa María a Nova, o museo de laudas gremiais e o seu cemiterio, para facer voar a imaxinación e evocar tempos pretéritos.

20.30

FALADOIRO MONUMENTA

O xornalista e músico **Xurxo Souto** realizará unha fermosa "barriografía" de Noia en conversa con diferentes veciñas e veciños protagonistas da actualidade cultural e social de Noia.

21.30

MONUMENTA EN CONCERTO. Talabarte Trío

rematará a xornada cun concerto moi especial na praza do Tapal.

Son tres músicos procedentes de bandas como Berrogüetto, Marful e Susana Seivane. O violín de Quim Farinha, o acordeón diatónico de Pedro Pascual e o contrabaixo de Kin García son xa indispensables dentro da escena musical galega. Xuntos propoñen unha viaxe a través das músicas populares de Galicia e doutras latitudes. Talabarte deulle unha nova dimensión á música galega, partindo da bagaxe

musical dos seus integrantes, cunha proposta que atravesa fronteiras, pasando polos sons do leste europeo e o Mediterráneo. Contemporaneidade e tradición nun concerto diferente, para alegrar os pés, as ideas e o resto dos sentidos.

Talabarte Trío





AQUIS QUERQUENNIS

Domingo 30 de agosto

COMO CHEGAR

Parroquia dos Baños (San Xoán), Os Baños, Bande (Ourense). En pasando Celanova, dirección Bande, continúaase cara a Portugal pola OU-540 e, a 7.5 km de Bande, cómpre virar á esquerda e seguir a sinalización do xacemento.

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Situado a carón da vila de Bande, está considerado como un dos principais xacementos arqueolóxicos da comarca. Cronologicamente dátase entre os séculos I e II d.C. O conxunto atópase localizado preto da vía romana denominada Vía XVIII, calzada que unía Astorga e Braga. Coñecido como *A Cidá* (a cidade), este campamento militar de forma rectangular, no que destacan as súas murallas, controlaba o río Limia e os arredores. Aquí permanecía unha guarnición romana de infantaría e cabalería que dominaba a poboación oriúnda. Aínda conserva a súa rampla de acceso, as torres cadradas e un foso.

Tamén se poden ver os piares nos que asentaban os almacéns. É posible que este lugar tivese naquela altura un hospital, dados os restos encontrados e a existencia de mananciais de augas termais. Coñecedores das propiedades curativas que brotan nas inmediacións do campamento, os romanos aproveitáronse sempre deste recurso natural.

18.00 MONUMENTA DIVULGA

Visita ao centro de interpretación da Fundación Aquae Querquennae Vía Nova.

**18.30
ANDAR CON ARTE.** Andaina narrada por Santiago Ferrer (arqueólogo) e Manuel Rivero Pérez (antropólogo e sociólogo) ata o campamento militar, con visita ao xacemento arqueolóxico e ás termas.

**20.00
MONUMENTA EN
CONCERTO.** Odaiko en concerto nos exteriores do centro de interpretación da Fundación Aquae Querquennae Vía Nova.

Este grupo integrado por licenciados en percusión formouse en Holanda no ano 2003. A súa proposta artística céntrase na exploración da música tradicional, pero na súa variante percutiva, faceta pouco traballada pola dificultade que supón a diversidade técnico-musical. Teñen participado en grandes festivais internacionais de Holanda, Estados Unidos de América, México, Taiwán, Filipinas etc. Realizaron gravacións con diferentes artistas e formacións como Budiño, Nova Galega de Danza, Orquestra Nacional de Irlanda ou A Orquestra Sinfónica de Galicia. Na actualidade, Odaiko é un dos grupos máis solicitados pola súa facilidade para enganchar públicos de todas as idades.

Odaiko





SANTALLA DE BÓVEDA DE MERA

Sábado 5 de setembro

COMO CHEGAR

Parroquia de Santalla de Bóveda de Mera, no concello de Lugo (Lugo). Ao saír de Lugo cidade pola estrada vella a Santiago de Compostela (LU-232), antes de chegar a Friol cómpre desviarse á dereita e seguir a sinalización do templo polas estradas LU-P-2901 e LU-P-2903. Tamén se pode ir polo Camiño Primitivo desde Palas de Rei.

Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

As peculiares características deste templo tardo-romano, que chegou a ter usos cristiáns baixo a advocación de Santalla, suscitaron desde o seu descubrimento múltiples interpretacións sobre a súa finalidade orixinal: lugar de baños, ninfeo, templo dedicado a Prisciliano... Neste edificio de planta rectangular destaca a ornamentación da bóveda de canón na que aparecen representados diferentes tipos de aves pintadas entre motivos vexetais. Tamén sobresaie o seu arco de ferradura, considerado

como o máis antigo que existe na arquitectura española como elemento estrutural. As impresionantes pinturas, as súas especiais características e todas as controversias respecto da súa orixe fan deste monumento prerrománico un dos máis senlleiros do occidente europeo.

18.00 MONUMENTA DIVULGA

Visita ao monumento de Santa Eulalia de Bóveda da man da especialista en arqueoloxía da arquitectura Rebeca Blanco.

18.30 ANDAR CON ARTE. Andaina circular pasando polo castro de Corvazal. Durante o paseo, o xeógrafo Juan López Bedoya analizará esta paisaxe agraria para achegarnos á flora e á fauna características da zona.

19.30 FALADOIRO MONUMENTA
O arquitecto Antonio de Vega falaranos da relación entre a paisaxe e a característica arquitectura popular de Santalla.

20.00 MONUMENTA EN CONCERTO. **Rodrigo Romani** en formato trío nos exteriores da igrexa de Santalla de Bóveda de Mera.



Rodrigo Romani é un dos músicos máis destacados do panorama musical galego. Membro fundador de Milladoiro, abandonou o mítico grupo de folk para embarcarse en diversos proxectos, algúns tan significativos como a posta en marcha de Sondeseu, a primeira orquestra de folk de Galicia e de Europa. Embaixador da música tradicional galega, Rodrigo Romani leva 30 anos paseando a súa arpa por medio mundo, primeiro con Milladoiro e, desde hai uns anos, co seu nome, acompañado doutros músicos convidados.

Rodrigo Romani

galicia

